

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15002761	CEIP Plurilingüe de Carnota	Carnota	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Combinada: Comunicación e representación da realidade / Crecemento en harmonía / Descubrimento e exploración da contorna	6º Inf.	8 / 8 / 8	280 / 280 / 280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	110
4.2. Materiais e recursos didácticos	111
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	112
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	113
6. Medidas de atención á diversidade	113
7.1. Concreción dos elementos transversais	113
7.2. Actividades complementarias	114
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	115
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	115
9. Outros apartados	115

1. Introducción

Neste documento, recóllese a programación didáctica que seporá en práctica co alumnado de 6º de educación infantil do CEIP Plurilingüe de Carnota no curso 2023/2024.

A presente programación parte do establecido na Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa que, a súa vez, emana da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Asemade, esta elaboración segue as decisións e criterios xerais establecidos na concreción curricular do centro educativo, que a súa vez ten en conta o disposto na citada orde e decreto.

Atendendo a distintos autores, como é Muñoz, C. e Zaragoza, C. (2008) programar é "un resumen de todas las actividades o conjunto de actividades educativas que se desarrollarán durante un curso escolar". De aí, móstrase a importancia de planificar o proceso educativo, que sexa unha guía que axude ao docente ao longo do curso, aínda que debe ser aberta e flexible para dar resposta ás características do alumnado, así como a realidade na que está inmerso este.

Destacar, a maiores, que a posta en práctica desta programación ten como finalidade contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións: física, emocional, sexual, afectiva, social, cognitiva e artística, potenciando a autonomía persoal e a creación progresiva dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmo, así como á educación en valores cívicos para a convivencia. Todo elo descubriendo e explorando o seu contorno, e empregando distintas formas de linguaxe (oral, plástica, musical, corporal, escrita,...).

As actividades que se levarán a cabo este ano beben do proxecto anual de centro: "Os nosos veciños/as", e que consiste en traballar distinta temática (xeografía, arquitectura, cultura, música, gastronomía, cidades,...) das comunidades e cidades autónomas que conforman o noso país. Atendendo a isto, o noso quefacer diario tamén sairán dun proxecto, no noso caso, denominado: PERDÉMONOS, PODES AXUDARME? Este, centrarase, en tres grandes apartados correspondentes aos tres trimestres. O primeiro deles consistirá en descubrir distintos lugares (pobos, cidades,...) de Galicia; a continuación, o segundo xa atenderá de maneira xeral ao achegamento ás outras comunidades autónomas, traballando, aspectos moi xenéricos como é pratos típicos, monumentos característicos,... Finalmente, o terceiro gran apartado atenderá xa a flora, fauna e parques naturais de España (ao estar xa en primavera-verán daranos cabida a realizar saídas para comparar o noso entorno máis próximo con outros lugares totalmente diferentes, como é o monte Teide, as Médulas,...). O emprego do traballo por proxectos ten por obxectivo fomentar no alumnado a iniciativa, a autonomía, a resolución de problemas cotiás, o pensamento crítico,...

O alumnado ao que vai dirixida esta programación é un grupo de 14 nenos e nenas de sexto de educación infantil, cinco anos, polo que cumpre coa ratio establecida na correspondente lexislación. A súa lingua materna predominante é o galego polo que a lingua vehicular da aula será este, tal e como establece o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e as Instrucións para a aplicación deste tras o pronunciamento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. De todas formas, tamén se procurará que o alumnado sexa competente na outra lingua oficial, o castelán, a través da visualización de curtos animados, poesías, festas,... así como faga un achegamento á primeira lingua estranxeira, o inglés, fomentando así mesmo a competencia plurilingüe.

Sinalar que entre todo o alumnado, hai un neno que se incorpora este ano ao noso colexio, aínda que xa cursou anos anteriores nunha escola da nosa provincia. É preciso mencionar tamén o caso de varios nenos/as que presentan algunha dificultade que lle repercute no proceso de ensino aprendizaxe, polo que me enfocarei neles, á hora de realizar determinadas específicas atendendo as súas necesidades. De todas formas, é preciso considerar tamén á diversidade de todos e cada un dos pequenos/as, polo que se realizará unha atención o máis individualizada posible, atendendo ao seu nivel evolutivo, características individuais, familiares, sociais, intereses,...

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1		1			1	
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1		1	1			1
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1	1			1		1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1						1	
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1	1			1	1		1
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.					1		1	
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o bienestar emocional e a seguridade afectiva	1				1			
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable					1	1	1	
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos					1	1	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.			1					
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.			1				1	
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.			1			1		
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.					1	1		1

Descrición:

Como se pode observar, a maior parte dos obxectivos está intimamente relacionada con varias competencias. Isto débese ao carácter globalizador da educación infantil, o que leva consigo que moitos obxectivos, a súa vez, estean moi encadeados entre si.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Este lugar fáiseme coñecido!	Esta primeira unidade didáctica que abarcará todo o primeiro trimestre, centrarase en dar a coñecer ao alumnado a nosa comunidade a través de elementos característicos dela, como é cidades importantes, monumentos históricos, paisaxe, bandeira,...	328	X		
2	Agora si que xa non sei...	Este primeiro achegamento á nosa comunidade cos seus aspectos característicos, ampliarase a outras rexións, ampliando o noso coñecemento sobre España e os seus lugares ao longo desta avaliación.	232		X	
3	Vaia paisaxes!	Este último trimestre enfocarase á flora e fauna do noso país, destacando as especies endémicas de cada lugar. Asemade, achegarase ao alumnado aos parques	280			X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Vaia paisaxes!	naturais e comparárase todo isto co noso contorno natural máis próximo.	280			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Este lugar fáiseme coñecido!	328

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participar de forma activa, axustada e respectuosa cos demais en distintas conversas na aula.	TI
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Avanzar no coñecemento do seu corpo, axustando accións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento.	
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establecer relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos con curiosidade e interese.	
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas distintas partes mostrando cada vez un maior nivel de detalle, avanzando na interiorización do seu esquema corporal.	
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Utilizar os cuantificadores básicos máis significativos en distintas situacións.	
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpretar distintas mensaxes transmitidas en forma de imaxes, debuxos, pinturas,... mostrando curiosidade por estas, así como unha actitude de respecto cara elas.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Empregar manifestacións culturais e artísticas para expresar emocións, ideas, pensamentos,... de maneira creativa.	
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Discriminar as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas e verbalizar as sensacións que producen.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Asociar as cantidades traballadas na aula cos seus números e grafías utilizando o cálculo como fonte de información.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Elaborar unha imaxe de si mesmo positiva e adaptada as súas características mostrando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Adecuar a súa linguaxe ás distintas situacións comunicativas.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Identificar elementos xeométricos básicos na súa contorna.	
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Situarse adecuadamente nos espazos aplicando os seus coñecementos sobre nocións espaciais básicas e xogando co seu propio corpo e con obxectos.	
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Coordinar e controlar o seu corpo e as súas habilidades motrices adaptándoo, a súa vez, ás características do seu contorno e vida cotiá.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participar en xogos axustándose as súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras cada vez máis axustadas.	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Describir oralmente e representar graficamente a súa situación espacial usando vocabulario topolóxico básico.	
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Recoñecer a importancia de medir en distintas situacións e empregar distintos recursos (corpo, ferramentas,...) para realizar isto.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Recoñecer semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade como un aspecto positivo.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Identificar e empregar nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos cotiás da súa vida.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Empregar distintos obxectos e ferramentas na vida cotiá e no xogo, mostrando cada vez maior control e coordinación.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Presentar unha actitude de curiosidade e respecto ante as distintas linguas nas distintas situacións comunicativas.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Recoñecer e manifestar os propios sentimentos, vivencias,... e comprender as dos demais.	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Recoñecer a importancia de medir en distintas situacións e empregar distintos recursos (corpo, ferramentas,...) para realizar isto.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Presentar seguridade persoal na realización de xogos e nas distintas situacións cotiás, confiando nas súas posibilidades e mostrando iniciativa.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Xestionar situacións ou problemas planificando unha serie de actividades para a súa consecución positiva e colaborando cos demais.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Recoñecer a importancia das dúas linguas cooficiais na nosa comunidade e empregar estas en diversas conversas.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	Empregar distintas estratexias para canalizar o sentimento de frustración ante as dificultades.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Adquirir e empregar vocabulario propio das dúas linguas cooficiais.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participar de maneira activa nos xogos axustándose as súas posibilidades persoais.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Identificar e manifestar as súas necesidades e sentimentos progresando no control das súas emocións.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Presentar unha actitude de respecto ante as variedades lingüísticas.	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Elaborar hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais e comprobar estas.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Adquirir expresións sociais básicas e empregalas nas conversas cos demais.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Empregar distintas estratexias para canalizar o sentimento de frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Utilizar diversas estratexias para a toma de decisións buscando solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presentan.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando a importancia da axuda entre iguais.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Manifestar interese por outras linguas, culturas,... e empregar a fala para comunicar este novo coñecemento.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Iniciarse na elaboración de instrucións para a resolución de distintas tarefas, favorecendo o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Avanzar na adquisición de vocabulario básico na lingua estranxeira.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Cooperar no desenvolvemento de proxectos, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións a partir delas.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade ante os logros conseguidos.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participar de maneira activa en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Participar activamente en xogos e actividades colectivas relacionándose coas outras persoas con empatía e afecto e evitando calquera tipo de discriminación.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Identificar e discriminar cada vez máis sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Empregar distintos obxectos e ferramentas na vida cotiá e no xogo, mostrando cada vez maior control e coordinación.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Presentar unha actitude de coidado e respecto cara o medio natural e os animais, identificando, a súa vez, o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Interpretar as mensaxes que lle achega os demais.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Identificar e pór en práctica hábitos de vida saudable: alimentación, hixiene,...utilizando adecuadamente espazos e materiais.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Recoñecer situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Progresar na construción dun discurso cada vez máis eficaz, ordenado e coherente nos distintos contextos.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Empregar a linguaxe oral con seguridade e confianza para o intercambio de información cos demais.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Desenvolver actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna cunha actitude de respecto e mostrando iniciativa.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Expresar ideas de forma oral.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respetar a cronoloxía dos acontecementos e actividades da vida diaria, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolver con autonomía e iniciativa actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Recoñecer a importancia de coidar e respectar os seres vivos.	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Utilizar a linguaxe oral en combinación con outras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) para transmitir ideas, emocións, sentimentos,...	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Empregar códigos escritos para comunicarse.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Presentar seguridade persoal na realización de xogos e nas distintas situacións cotiás, confiando nas súas posibilidades e mostrando iniciativa.	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identificar algunha das características textuais e paratextuais de textos libres de prexuízos e estereotipos.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Valorar a importancia de relacionarse coas persoas do seu contorno próximo.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respetar a cronoloxía dos acontecementos e actividades da vida diaria, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Participar activamente en xogos e actividades colectivas relacionándose coas outras persoas con empatía e afecto e evitando calquera tipo de discriminación.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Mellorar a súa grafomotricidade adquirindo maior control e precisión do trazo.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Elaborar textos individualmente ou en grupo coa intención de transmitir ideas, emocións, sentimentos, ... e cunha actitude de gozo.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Relacionarse de maneira positiva coas persoas da súa vida diaria.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Recoñecer algunhas características de distintas profesións, organizacións e servizos da súa contorna valorando a súa importancia social.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	Empregar a linguaxe escrita para transmitir mensaxes procedentes doutras linguas (musical, plástica, gráfica, corporal e oral) e indagar nas posibilidades comunicativas deste acto.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándolas como sinais de identidade.	Identificar festas, costumes e tradicións da nosa contorna, participar nelas e valoralas como sinal de identidade propia.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Reproducir situacións a través do xogo simbólico cos demais, recoñecendo e rexeitando estereotipos.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Participar con iniciativa en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Recoñecer elementos culturais propios de Galicia e algúns dos seus personaxes máis importantes.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva proponendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Desenvolver destrezas e habilidades para a resolución positiva de conflitos proponendo alternativas e tendo en conta o criterio dos demais.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participar con respecto e interese en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais da súa contorna.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identificar algunha das características textuais e paratextuais de textos libres de prexuízos e estereotipos.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Empregar a biblioteca como fonte de información e disfrute, respectando as súas normas de uso.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Gozar coa escoita e lectura de textos literarios.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Presentar unha actitude activa ante as actividades de aproximación á literatura infantil, descubriendo e explorando a linguaxe literaria.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresar gustos e opinións sobre distintas manifestacións artísticas.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Identificar e discriminar distintos sons.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Pór en práctica propostas dramáticas e musicais, empregando distintos instrumentos, recursos,...	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valorar de maneira respectuosa, crítica e empática as producións dos demais.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresar emocións, ideas, pensamentos,...a través de distintas manifestacións artísticas e gozar con isto.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresar gustos e opinións sobre distintas manifestacións artísticas.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Empregar a linguaxe musical para expresar ideas, sentimentos,... procedentes doutras linguaxes.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpretar distintas mensaxes transmitidas en forma de imaxes, debuxos, pinturas,... mostrando curiosidade por estas, así como unha actitude de respecto cara elas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Elaborar creacións plásticas empregando distintos materiais e técnicas e participando activamente co grupo.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresar emocións, ideas, pensamentos,...a través de distintas manifestacións plásticas e artísticas e gozar con isto.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresar gustos e opinións sobre distintas manifestacións artísticas.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valorar de maneira respectuosa, crítica e empática as producións dos demais.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Elaborar creacións plásticas para transmitir mensaxes procedentes doutras linguas (musical, plástica, gráfica, corporal e oral) e indagar nas posibilidades comunicativas deste acto.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Explorar as posibilidades corporais como forma de comunicación a través da dramatización e da danza.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Axustar o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valorar de maneira respectuosa, crítica e empática as producións dos demais.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Empregar a linguaxe corporal para expresar ideas, sentimentos,... procedentes doutras linguaxes.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Progresar no emprego de ferramentas e medios dixitais.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpretar distintas mensaxes transmitidas en forma de imaxes, debuxos, pinturas,... mostrando curiosidade por estas, así como unha actitude de respecto cara elas.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Expresarse de maneira creativa empregando distintas ferramentas ou aplicacións dixitais.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Recoñecer e cumprir coas normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...

Contidos

- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.
- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Habilidades do pensamento computacional.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.

Contidos

- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respetto dos seus dereitos.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Respetto e protección do medio natural. Respetto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.

Contidos

- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.

Contidos

- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respetar a cronoloxía dos acontecementos e actividades da vida diaria, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo.	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Utilizar a linguaxe oral en combinación con outras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) para transmitir ideas, emocións, sentimentos,...	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Recoñecer a importancia de coidar e respectar os seres vivos.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolver con autonomía e iniciativa actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Presentar seguridade persoal na realización de xogos e nas distintas situacións cotiás, confiando nas súas posibilidades e mostrando iniciativa.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Empregar códigos escritos para comunicarse.	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identificar algunha das características textuais e paratextuais de textos libres de prexuízos e estereotipos.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respetar a cronoloxía dos acontecementos e actividades da vida diaria, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Participar activamente en xogos e actividades colectivas relacionándose coas outras persoas con empatía e afecto e evitando calquera tipo de discriminación.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Mellorar a súa grafomotricidade adquirindo maior control e precisión do trazo.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Relacionarse de maneira positiva coas persoas da súa vida diaria.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Elaborar textos individualmente ou en grupo coa intención de transmitir ideas, emocións, sentimentos,... e cunha actitude de gozo.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Reproducir situacións a través do xogo simbólico cos demais, recoñecendo e rexeitando estereotipos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	Empregar a linguaxe escrita para transmitir mensaxes procedentes doutras linguas (musical, plástica, gráfica, corporal e oral) e indagar nas posibilidades comunicativas deste acto.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Participar con iniciativa en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Recoñecer elementos culturais propios de Galicia e algúns dos seus personaxes máis importantes.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Desenvolver destrezas e habilidades para a resolución positiva de conflitos propoñendo alternativas e tendo en conta o criterio dos demais.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identificar algunha das características textuais e paratextuais de textos libres de prexuízos e estereotipos.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Empregar a biblioteca como fonte de información e desfrute, respectando as súas normas de uso.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Gozar coa escoita e lectura de textos literarios.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubrindo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Presentar unha actitude activa ante as actividades de aproximación á literatura infantil, descubrindo e explorando a linguaxe literaria.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresar gustos e opinións sobre distintas manifestacións artísticas.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Identificar e discriminar distintos sons.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Pór en práctica propostas dramáticas e musicais, empregando distintos instrumentos, recursos,...	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valorar de maneira respectuosa, crítica e empática as producións dos demais.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresar emocións, ideas, pensamentos,...a través de distintas manifestacións artísticas e gozar con isto.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresar gustos e opinións sobre distintas manifestacións artísticas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Empregar a linguaxe musical para expresar ideas, sentimentos,... procedentes doutras linguaxes.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpretar distintas mensaxes transmitidas en forma de imaxes, debuxos, pinturas,... mostrando curiosidade por estas, así como unha actitude de respecto cara elas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Elaborar creacións plásticas empregando distintos materiais e técnicas e participando activamente co grupo.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresar emocións, ideas, pensamentos,...a través de distintas manifestacións plásticas e artísticas e gozar con isto.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresar gustos e opinións sobre distintas manifestacións artísticas.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valorar de maneira respectuosa, crítica e empática as producións dos demais.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Elaborar creacións plásticas para transmitir mensaxes procedentes doutras linguas (musical, plástica, gráfica, corporal e oral) e indagar nas posibilidades comunicativas deste acto.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Explorar as posibilidades corporais como forma de comunicación a través da dramatización e da danza.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Axustar o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valorar de maneira respectuosa, crítica e empática as producións dos demais.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Empregar a linguaxe corporal para expresar ideas, sentimentos,... procedentes doutras linguaxes.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Progresar no emprego de ferramentas e medios dixitais.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpretar distintas mensaxes transmitidas en forma de imaxes, debuxos, pinturas,... mostrando curiosidade por estas, así como unha actitude de respecto cara elas.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Expresarse de maneira creativa empregando distintas ferramentas ou aplicacións dixitais.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Recoñecer e cumprir coas normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, xendas de diálogo e alternancia. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.

Contidos

- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.
- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Habilidades do pensamento computacional.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.

Contidos

- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Os seres vivos e as súas características.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.

Contidos

- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.

Contidos

- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos?) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Como titora da aula, a miña proposta educativa será activa, participativa, afectiva, motivadora, valorando os coñecementos previos, capacidades e necesidades dos nenos/as. É dicir, enmarcaríaa na perspectiva construtivista e baseándome nas achegas de diferentes autores tales como Piaget, Vygotsky, Bruner, Ausubel e Decroly. Por elo, como principios da miña intervención, cabe sinalar, primeiramente, a posta en práctica do procedemento de desequilibrio-reordenación-equilibrio co obxectivo de que o neno/a vaia superándose continuamente por un proceso de asimilación e acomodación dos seus esquemas. Así mesmo, considerarei a importancia do contorno natural e social do neno/a, o cal ten gran influencia e cuxa axuda potenciará a súa zona de desenvolvemento próximo. Outro dos principios que levarei a cabo é o de fomentar a aprendizaxe por descubrimento, é dicir, que os nenos/as constrúan o seu coñecemento; e a aprendizaxe significativa, xa que a correcta incorporación de novos contidos debe

realizarse a través da relación coa estrutura cognitiva xa existente. Ademais, acomodareime ás características evolutivas propias dos alumnos/as, así como atenderei á globalización, partindo de situacións globais onde se traballarán os diferentes contidos. Todo elo realizarase a través do xogo e tendo como fío condutor a afectividade.

O meu papel como mestra será o de guía activa para o meu alumnado. Partirei dos esquemas de coñecemento que posúen co fin de aumentar a súa complexidade buscando unha aprendizaxe significativa e potenciarei os acertos e traballaremos os erros, xa que ambos son necesarios para unha adecuada aprendizaxe. Ademais, debo ser a mediadora entre o neno/a e a cultura que o rodea, pois esta ten unha gran influencia para o seu desenvolvemento. Así mesmo, terei en conta a atención á diversidade de cada neno/a creando unha aprendizaxe individualizada atendendo aos diferentes ritmos e creando altas expectativas co fin de animalos e que poidan superar desafíos, como é a proposta metodolóxica empregada pola mestra no libro: El punto de Reynolds, P.H. A parte da miña relación cos alumnos/as, será necesario que estableza unha relación de coordinación co resto do profesorado, así como coas familias, en beneficio destes.

Con respecto ao papel dos pequenos/as, é necesario decatarse que son axentes activos e que teñen experiencia e coñecementos anteriores á escola, polo que é necesario partir deles para unha correcta estruturación dos seus esquemas cognitivos. Para a súa adquisición, é necesario que interactúen co medio e coas demais persoas, pois non aprenden de maneira receptiva senón a través de procesos de asimilación e acomodación.

Para atender a todo o alumnado e a natureza das actividades, organizarei diferentes agrupamentos. Por un lado, o grupo clase, a través do cal se crea un ambiente de pertenza ao grupo-aula, así como se fomenta a socialización. Algunhas actividades son a lectura de contos, a asemblea,... O pequeno grupo, pola súa banda, é idóneo para favorecer a interacción cooperativa. En relación a este, sinalar xogos de experimentación, murais,... Finalmente, a actividade individual é un bo recurso para a interacción máis próxima entre o neno/a e a docente co fin de prestarlle axuda individualizada. Esta empregárase en actividades de reforzo e ampliación.

Finalmente, resaltar que un centro educativo non debe estar illado da súa contorna, senón que debe valorar as súas características facéndoo partícipe da educación: familia e contorno social.

En canto á relación coas familias, é necesario unha boa comunicación e coordinación xa que a eficacia da educación infantil depende da unidade de criterios educativos na casa e na escola. Así mesmo, cabe resaltar a importancia do intercambio de información mutua. Aportareilles ao final de cada trimestre un boletín onde se amosen os avances dos nenos e nenas. Ademais, trimestralmente desenvolveremos unha reunión de carácter grupal na que abordaremos aspectos xerais da aula. A primeira de ditas reunións desenvolverase antes do inicio escolar para explicarlles a temática do proxecto anual que desenvolveremos, recordar algunhas pautas e normas de aula... Así mesmo, mantereirei cada semana unha hora de tutoría individual na que abordarei aspectos concretos dos alumnos/as coa súa familia, tal e como se regula na Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Tamén se empregará ao longo de todo o curso a plataforma ABALAR para mandar mensaxes individuais ou grupais, así como a carpeta individual que terá cada neno/a. Para rematar a relación coas familias, sinalar o préstamo de libros coa finalidade de fomentar o hábito lector, así como a mochila viaxeira, actividades que xorden dende a biblioteca escolar.

As familias tamén poderán participar no centro a través da súa representación no Consello Escolar e mediante a asociación de nais e pais de alumnos/as do centro.

En canto á apertura ao contorno social, realizaranse saídas ao contorno máis próximo, así como se poderá ter visitas de familiares, contacontos,... Finalmente, sinalar a relación coas institucións, como é o concello para o desenvolvemento, como pode ser, dalgunha conmemoración.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos materiais
Recursos espaciais
Recursos temporais
Recursos persoais

En canto aos recursos materiais, é necesario distinguir material curricular e didáctico. No meu caso, o primeiro deles estará conformado por actividades impresas realizadas por min mesma. Con respecto ao material didáctico, este debe entenderse como mediador entre o alumno/a e a realidade, por elo, debe ser moi variado e presentará múltiples posibilidades de aprendizaxe. Segundo a normativa vixente e autores como Gimeno Sacristán debe cumprir criterios adecuados de versatilidade, seguridade e funcionalidade. Por elo, serán xogos modulares, crebacabezas, plastilina, cores, materiais de refugallo, da natureza, tecnolóxicos,...

No tocante aos espazos, a aula organizarase en forma de recantos. Esta formulación ten como obxectivo pór en práctica o postulado por Battini, E. (1982): "es necesario entender el espacio como un espacio de vida, en el cual la vida se sucede y se desenvuelve: es un conjunto completo". Os recantos son espazos organizados e polivalentes nos que se propoñen actividades moi determinadas, libres ou dirixidas, individuais ou en pequeno grupo. A súa función é propiciar o desenvolvemento global, potenciar a creatividade e investigación dos neno/as, que sintan unha escola viva. Concretamente, na miña aula, os recantos son:

- Recanto "Érase unha vez". Este recanto está destinado á asemblea diaria onde se desenvolverán as rutinas, así como a presentación das actividades. Así mesmo, é o lugar de encontro con distintos libros, algúns permanentes e outros itinerantes, pois serán préstamos da biblioteca. Buscarase que haxa material textual en distintos formatos: revistas, libros de ficción, libros de consulta,... e distinta temática.

- Recanto "A escribir". Este recanto ten como finalidade a aproximación á lecto-escritura polo que alternando haberá letras imantadas con encerado para crear composicións, palabras en maiúsculas e minúsculas para identificar e copiar, tablets para escribir, selos...

- Recanto "Que artistas". Este ten como obxectivo que os nenos/as realicen actividades plásticas e creativas como é a estampación, o debuxo libre, a plastilina,... destacando a importancia da espontaneidade e a imaxinación.

- Recanto " $1 + 2 + 3 = 6$ ". Neste recanto, desenvolveranse tarefas destinadas a traballar a lóxica-matemática, como son os dados, xogos ABN, oca e parchís, tapóns,...

- Recanto "Novas tecnoloxías". Neste, está o ordenador e a pantalla interactiva da aula, nos cales se desenvolverán actividades interactivas de distinta temática: encrucillados, sumas, quebracabezas, pintado,... Todo elo se realizará en liña.

- Recanto "XOGO LIBRE". Neste espazo, hai múltiples xogos como é a cociña para o xogo simbólico con distinto material, xogos de construción, un banco de ferramentas de xoguete, unha casiña de bonecas,... A finalidade deste recanto non é ser un máis como os anteriores, senón un espazo conformado por multitude de materiais a poder empregar no momento de xogo libre na aula.

A elección dos grupos para acudir aos recantos vén determinada pola miña parte, co obxectivo de que sempre haxa en cada grupo un neno/a que poida titorizar aos compañeiros/as. Sempre haberá unha proposta de aprendizaxe nos recantos que se cambiará cando todos os nenos/as pasen por todos.

Atendendo ao terceiro dos recursos, o tempo, este presentará como característica básica a flexibilidade co fin de adaptarse ás diferentes tarefas. Este será facilitador para que os nenos/as interioricen marcas de referencia temporal que lles posibilitarán a organización das actividades. Durante a xornada escolar, sinalar tamén que se combinarán tempos de rutina e de actividade.

Para finalizar e atendendo aos recursos persoais, estes serán os distintos mestres que imparten docencia na aula, así como as familias e todos os demais membros da comunidade educativa.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

En primeiro lugar, sinalar que a avaliación, tal e como establece, a Orde do 23 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, é o instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo, así como unha práctica habitual e permanente deste. A súa principal finalidade é detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento dos nenos/as, mellorar e reaxustar a intervención das persoas responsables deste proceso e tomar decisións tanto individuais como colectivas.

Concretando a avaliación inicial, este é o terceiro ano de escolarización no centro educativo de todo o meu alumnado, exceptuando un dos pequenos que procede doutro centro da nosa provincia. En concreto, con este neno realizarase unha avaliación inicial para poder identificar que nivel presenta dos distintos obxectivos a lograr ao longo da educación infantil, así como recoñecer o seu nivel madurativo en xeral. Con respecto ao outro alumnado, tamén se realizará unha valoración para coñecer en que momento madurativo se encontran, pero de maneira máis xeral, pois ao ser a súa titora ao longo dos tres cursos, podo recoñecer cales son as súas posibilidades, limitacións, que aspectos hai que traballar, cales son os seus puntos fortes,... Para todo elo, empregarei como principal instrumento de avaliación a observación directa e sistemática, así como me acompañarei das entrevistas das familias e das producións dos pequenos/as.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

A cualificación do alumnado, que se recollerá nos diferentes boletíns trimestrais, así como no informe final de etapa atenderá aos distintos criterios de avaliación citados anteriormente e que se concretarán nos diversos ítems de avaliación a seleccionar en cada trimestre.

Asemade, para dita cualificación atenderase á avaliación de maneira global, continua e formativa, en tres momentos: inicial, ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe e final e empregando como principal instrumento de avaliación a observación directa e sistemática, así como os diferentes traballos feitos polo alumnado.

Pola miña parte, como mestra empregarei o diario de aula para recoller os aspectos máis salientables de cada día e que me axudarán no momento da avaliación, así como as achegas dadas polos profesores/as que tamén imparten docencia no grupo.

Criterios de recuperación:

Atendendo á natureza da educación infantil como unha etapa globalizada, considérase que non son precisos os criterios de recuperación.

6. Medidas de atención á diversidade

É preciso destacar que durante o proceso de ensino aprendizaxe, é necesario atender ás características, necesidades, posibilidades e limitacións de cada alumno/a, xa que cada un deles é un mundo con características únicas. Desta maneira, individualizaráselles o máximo posible o proceso educativo, co fin de facilitarlles o seu desenvolvemento persoal e social. Para elo, concíbese a atención á diversidade entendendo por esta o conxunto de medidas que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado segundo o disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación e a Orde do 8 de setembro de 2021 que a desenvolve, así como a orde que o desenvolve.

Atendendo a esta diversidade, sinalar que ningún dos meus alumnos/as presenta necesidades específicas de apoio educativo, nembargantes, e tal e como sinaléi anteriormente, atenderéi en gran medida o caso dos distintos alumnos/as que presentan algunhas dificultades no proceso de aprendizaxe, algúns dos cales están pendentes de valoración.

Asemade e tal e como se sinala na Orde do 30 de maio de 2023, se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detecta que o progreso dun neno/a non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Desenvolvemento da súa autonomía persoal e elaboración dunha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada e libre de estereotipos, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.2 - Xestión emocional	X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade, decatándonos de que todos somos iguais e eliminando calquera posible actitude discriminatoria.	X	X	X
ET.4 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable e sustentable (valorando a importancia do aproveitamento e coidado dos materiais, a reutilización e reciclaxe,...)	X	X	X
ET.6 - Educación ambiental	X	X	X
ET.7 - Educación para a saúde fomentando hábitos saudables (alimentación, hixiene, descanso,...)	X	X	X

Observacións:

Sinalar que todos estes contidos de carácter transversal figuran en todas as unidades didácticas, pois todos eles son de gran importancia para un desenvolvemento positivo e pleno do alumnado, polo que se traballarán en múltiples momentos educativos (nas rutinas, en actividades específicas, no desenvolvemento de actividades complementarias como é o Día Mundial do Medio Ambiente, o Día Internacional da Muller,...).

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas a contorno próxima	Realizaranse distintas saída na nosa contorna máis próxima como é para recoller follas no outono, observar as árbores que nos rodean en comparación con outras paisaxes,...	X	X	X
Visita de familiares	A aula, debe ser un espazo aberto a todas as familias, polo que aquelas que queiran poderán acudir para falarnos se viviron noutro lugar de España, como era este,... Así como se abrirá para a Semana do Libro ter a súa acollida para realizar contacontos.	X	X	X
Actividades dos equipos de centro	Participarase nas distintas actividades programadas polos equipos de centro	X	X	X
Conmemoracións	A maiores das actividades propostas polos equipos de ciclo, a nivel de aula traballaranse todas as conmemoracións recollidas na orde de calendario escolar do presente curso académico.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecúanse os obxectivos e contidos a evolución do alumnado, así como aos seus intereses.
Metodoloxía empregada
Emprégase unha metodoloxía correcta atendendo ás actividades programadas e o seu nivel madurativo, son actividades de interese do alumnado,...
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aprovéitanse todos os recursos cos que se contan, tanto aqueles referidos a materiais, espazos,... como persoais (profesorado, familias,...).
Medidas de atención á diversidade
Aténdese as características de todos os nenos/as valorando as súas posibilidades, limitacións,...
Clima de traballo na aula
Créase un clima de confianza, afecto e respecto entre o alumnado, e entre este e os profesionais docentes.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Desenvólvense boas liñas de comunicación entre o equipo docente e as familias, intercambio continua información.

Descrición:

Todos estes indicadores de logro valoraranse atendendo ao análise da miña propia práctica docente, así como ao clima existente na aula. Tamén, ten moita importancia a valoración que fagan os nenos/as tanto das actividades programadas, como os materiais existentes,...

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Dita programación didáctica será avaliada de maneira constante, co obxectivo de poder modificala ás veces que sexa necesario, para atender ás características do alumnado, do contexto,... Así mesmo, a final de curso avaliarase no seu conxunto para realizar as propostas de mellora precisas para o curso seguinte.

9. Outros apartados